

## SOLUCIÓNS DE CONQUISTA PISAPOLIS DO MARTES 19 DE MAIO.

### **1. Que dúas formas de enerxía interveñen neste invento? De onde proceden?**

Enerxía luminosa e enerxía térmica. Ambas proceden dos raios do sol.

### **2. Clasifica nunha táboa os materiais que usou Carolina para a construción do seu forno solar segundo sexan opacos, transparentes ou translúcidos.**

- **Opacos:** madeira, porexpán, aluminio e espello.
- **Transparentes:** vidro.

### **3. Cara a onde cres que debe apuntar o espello?.**

Cara aos raios do sol, de forma que se reflectan no interior do forno para que se quente.

### **4. Ordena estes materiais segundo a súa capacidade de transmisión da calor.**

Papel de aluminio, vidro, madeira, porexpán.

### **5. O interior da Caixa de madeira está recuberto por placas de porexpán, e estas, á súa vez, por láminas de aluminio. Por que se colocaron os tres materiais nesta orde?**

O aluminio colócase no interior, posto que é o que mellor conduce a calor, polo que se quentará rapidamente cos raios do sol e quentará o interior do forno. Logo vai o porexpán, posto que é o máis illante e así impide que a calor escape do interior do forno. E a madeira púxose no exterior porque é o material máis resistente e así dá forma ao forno.

### **6. Que pasa se se levanta a tapa de vidro? Explica a función que desempeña o vidro neste forno solar e compáraa coa función que desempeñan os cristais das xanelas nas casas.**

Se se levanta a tapa de vidro, a calor escaparía ao exterior rapidamente. A súa función é permitir entrar aos raios de sol e diminuír a perda de calor do interior do forno, como ocorre coas fiestras das casas.

### **7. Con que forma de enerxía adoita funcionar o forno das casas?**

b. Química ou eléctrica.